


Baobab Teatro

presenta

# Ás para Álex

Recomendado a partir de **5 anos**





# Ás para Alex

## IDEA ORIXINAL

“Ás para Alex” supón un reto para a nosa compañía xa que quixemos contar unha historia real, sucedida na Coruña, unha historia que nos conmocionou, emocionou e namorou dende que a coñecemos. Baobab Teatro aposta esta vez por unha peza teatral comprometida, divertida e cargada de verdade, tenrura, tensión e moita graza, tocando unha temática moi delicada “**o cancro infantil**” e a necesidade dun sentimento de esperanza como unha menciña máis para superar esta enfermidade e o importante que é topar persoas no camiño que nos conviden a soñar.

Para desenvolver este proxecto foi preciso unha investigación a fondo, xa que descoñecíamos algunhas partes fundamentais para poder levalo a cabo, para iso, foi preciso falar con profesionais que cada día están en contacto con pacientes ou inmersos na investigación, psicólogas, mestra de hospital, educadoras sociais, médicas...pero sobre todo contactamos con asociacións vinculadas con esta temática, como ASANOG (asociación de axuda a nenos/as oncolóxicos de Galicia).







# Ás para Álex

“Ás para Álex” non só é un espectáculo, é un compromiso de Baobab Teatro con esta temática e por iso **unha porcentaxe dos ingresos** deste espectáculo estarán **destinados a diferentes asociacións** que traballan en prol da investigación contra o cancro.

Este novo proxecto nace, despois de ter lido unha noticia real do xornal La Voz de Galicia escrita por R.D Seoane, inspirounos para construír este novo proxecto:





# As para Alex

## **Alas para Alex en el materno**

*Cientos de grullas de papel con mensajes de esperanza llegan al hospital tras la idea impulsada a raíz de un niño ingresado que descubrió el origami a otros pequeños*



*Álex es uno de esos niños, tan valientes como valiosos, a los que la enfermedad se les instala en la infancia. En su caso, lo aisló durante un par de meses en una habitación del materno. Allí, sin poder salir, descubrió con la maestra del hospital, Laura, la historia de las grullas de origami y la niña enferma por la atómica radiación de Hiroshima: si llegaba a las mil, podría pedir un deseo y se cumpliría. Porque, cuenta la leyenda, esta ave protege a los débiles con sus grandes alas.*

*Un símbolo del deseo que, en su encierro forzado, Álex aprendió a confeccionar con su manos a través de un tutorial en Internet. Con papel y paciencia, mató el largo tiempo de estancia plegando hojas de mil colores y tamaños. Con la destreza adquirida, cuando pudo salir se convirtió en otro maestro al lado de la profesora del Chuac: enseñó a diseñar aves a todos los pequeños ingresados en el Hospital Teresa Herrera de Coruña.*





# As para Álex

## **Pequeños alumnos**

Fue la docente, una maestra también en divulgar la cultura de la humanización, la que tuvo la idea de crear un blog propagando la historia de «las emociones voladoras». Y los pequeños que primero fueron alumnos de Álex en el arte del origami se encargaron de convertirse, al alta médica, también en monitores de sus compañeros de clase, sus equipos deportivos, sus pandillas de amigos, sus familias... A través del blog, Laura propuso incluir en cada creación de papel un mensaje, también de esperanza, pensando en el día que se dedica a cada uno de los 1.400 niños a los que, cada año, se diagnostica un cáncer en España. Ese día se conmemora hoy mismo.

A vuelta del correo globalizado, en el materno empezaron a recibirse cientos de pequeñas figuras de papel, con leyendas diferentes y de sentida intención.

«Ponme un nombre y seré tu mascota», se lee en una de ellas en medio de un río de creatividad en el que el ánimo infantil encuentra mil formas de escribirse: del «Todo é posible», a «La magia del deseo te curará», «Solo quien sueña aprende a volar», o «Mientras muchos se quejan porque mañana es lunes, hay personas como tú luchando cada día». Pequeñas cabezas de grandes reflexiones con posdata incluida, «Vas a vencer» trazó en una de ellas una firma infantil

Han llegado grullas de colegios e institutos de A Coruña, pero también de Cambre, Bergondo, Sada, Betanzos, Oleiros, Arteixo, e incluso de Santiago, Guitiriz, Mondariz y Lugo. En todas las aves el deseo infantil por el reto del millar es muy parecido y compartido, como el de la pequeña de Hiroshima. Que las alas protejan a los miles de Álex del mundo. A todos ellos, la dirección y el personal del materno les agradece «haberse volcado con tanta sensibilidad para participar en las emociones del hospital», un centro que intenta acentuar, con iniciativas como las mil grullas, la humanidad para con los más pequeños como otra forma de distraer, y también combatir, la enfermedad.





# As para Alex

Este caso real trata unha temática moi necesaria nunha sociedade coma a nosa: a esperanza e o xogo para vencer as dificultades e neste caso para vencer unha enfermidade.

O espectáculo inspírase en tres historias diferentes, dúas historias reais e

unha

lenda: \_\_\_\_\_

- Lenda das “1000 grúas de origami”. Unha antiga lenda xaponesa promete que calquera que faga 1.000 grúas de papel recibirá un desexo de parte dunha grúa de verdade. Desexos relacionados cunha vida longa ou a recuperación dunha enfermidade.







# As para Álex

• Historia de "Sadako Sasaki "a nena das 1000 grúas". Esta é unha historia real na que Sadako Sasaki se converteu nun símbolo de paz en Xapón. Esta pequena nena xaponesa desexou curarse da súa enfermidade (leucemia) producida pola bomba atómica de Hiroshima, construíndo 1.000 grúas de papel, tal e como dicía a lenda. No parque da Paz de Hiroshima foi construída en 1958 a estatua dedicada a Sadako, e na súa base está o escrito: "Este é o noso berro, esta é a nosa pregaria: paz para o mundo". A historia foi tan impactante que transcendeu os límites de Xapón, converténdose nun referente mundial dos movementos pacifistas.



• Historia de Álex, un pequeno neno de 8 anos de A Coruña coa enfermidade de cancro e que será o protagonista do noso espectáculo. Esta é unha historia real, a historia que describe o artigo de La Voz de Galicia.

A historia de Álex, mestúrase con diferentes ingredientes da ficción, sen perder nunca o foco da veracidade da historia. Contamos unha historia entenedora e moi esperanzadora que fala de amizade, solidariedade e do importante de topar persoas que sexan capaces de facernos ver o mundo doutro xeito, o importante que son esas persoas especiais.





# As para Alex

Este espectáculo está dedicado a todos/as os/as nenos e nenas que teñen que vivir unha situación inxusta, inxusta pola súa curta idade, inxusta porque non lles deixa facer o que realmente lles corresponde coma nenos, inxusta porque non fixeron nada para merecela, inxusta porque non a elixiron e non lles dan opción a elixir. Un espectáculo dedicado a todas esas persoas especiais (coma Laura) que aparecen case de xeito máxico e sen pedir permiso e fan que a vida sexa máis bonita, máis esperanzadora e que vivir teña sentido.

## **SINOPSE**

Álex é un neno coma calquera neno de 8 anos que lle encanta correr, xogar, quedar cos amigos/as, ir ao parque..., a súa paixón: o fútbol, pero un día Álex ten que deixalo todo, porque o seu corpo non responde, non camiña...e coma calquera neno, Álex enfádase, enfádase coa súa nai, coa súa irmá, co seu can, ata co fútbol, Álex enfádase co mundo e asáltanlle moitas preguntas, - porque a min?, porque non podo xogar? Porque, porque e porque?....., está tan enfadado que deixa de mirar ao seu arredor, ata que un día aparece Laura no seu camiño, e sen pedir permiso pero con moito coidado e cariño entra de cheo na súa vida para mudarlle a mirada.

## **TÉCNICAS EMPREGADAS NO ESPECTÁCULO**

Neste espectáculo empregamos diferentes técnicas como son:

- Teatro de actriz/actor
- Teatro de obxectos
- Teatro monicreques
- Monicreques xigantes
- Proxección audiovisual







# Ás para Álex

## FICHA ARTÍSTICA

<b>Dirección:</b>	Andrea Bayer e Óscar Ferreira
<b>Guión:</b>	Andrea Bayer
<b>Dirección de manipulación:</b>	Óscar Ferreira
<b>Actores/Actrices:</b>	Cora Velasco e Xose
<b>Deseño de escenografía:</b>	Esperante Óscar Ferreira
<b>Construcción de escenografía:</b>	Óscar Ferreira
<b>Vestiario:</b>	Baobab Teatro
<b>Deseño de iluminación:</b>	Daniel Abalo
<b>Deseño de espazo sonoro:</b>	Daniel Abalo
<b>Monicreques e aderezo:</b>	Óscar Ferreira
<b>Deseño e publicidade:</b>	Ismael Calvo (Ovo
<b>Material audiovisual:</b>	Publicidade) Ana Tasende

“Ás para Álex”, non é un proxecto teatral típico para nenos/as, é un xeito insólito de creación para este público.

Neste espectáculo, o tema de que a vida está moi ligada á morte estará moi presente, sempre tratada dende o máis profundo cariño, delicadeza, respecto e esperanza.

### **OBXECTIVOS.**

- Tratar temas delicados coma o cancro infantil.
- Fomentar o respecto pola diferenza
- Potenciar a nosa lingua, a lingua galega como vehículo de comunicación e expresión.
- Transmitir a importancia da esperanza e o amor como ferramentas para axudar a curación das doenzas.
- Fomentar o coidado e a importancia do persoal sanitario.



# As para Alex

- Transmitir e mostrar o mundo sanitario e achegalo a idades tan temperás a través dunha linguaxe axeitada as súas necesidades.
- Estimular todos os sentidos a través da historia.
- Ofrecer unha experiencia sonora, visual, táctil e psicomotriz.
- Que os máis pequenos se emocionen e deixen aflorar eses sentimentos.
- Potenciar a sensibilidade, a imaxinación e a intelixencia emocional dos máis pequenos.
- Mostrar que os primeiros actos educativos xorden da intimidade, no núcleo familiar.
- Crear un entorno acolledor, envolvente e fermoso.
- Provocar e desenvolver unha comunicación profunda entre nais e pais cos seus fillos e fillas, a través dunha linguaxe verbal e corporal...
- Sementar nos máis pequenos a arte, a través das artes escénicas
- Que tanto os pequenos como os maiores gocen dun momento máxico para realzar a importancia dos lazos familiares, dos seres que conviven con nós.
- Crear un entorno acolledor, envolvente e fermoso.
- Potenciar a sensibilidade, a imaxinación e a intelixencia emocional dos máis pequenos.
- Estimular todos os sentidos a través da historia.
- Atrapar a pequenos/as e grandes cunha fermosa historia dende o principio ata o final.
- Que tanto os/as pequenos/as como os maiores gocen dun momento máxico.
- Espertar a imaxinación nos/as pequenos/as e grandes e deixarnos levar.







# As para Alex


## HISTORIA BAOBAB

Baobab Teatro somos unha compañía teatral especializada en teatro para nenos e nenas que nace no 2010 e dende os seus inicios os seus compoñentes Óscar Ferreira e Andrea Bayer buscan a creación do seu propio selo facendo que cada un dos seus proxectos sexan únicos e diferentes entre si.

Dende a súa orixe, Baobab Teatro, compaxina a produción e creación de espectáculos coa investigación, tanto pedagóxica, como experimental, creando así un modelo propio de práctica teatral.

En Baobab Teatro, priman por riba de todo as emocións, os sentimentos, a sinxeleza e a poética que aparece no movemento de obxectos, teatro de actor/actriz e nos monicreques, dando lugar a espectáculos cargados de creatividade, espontaneidade, elegancia, limpeza e moita precisión.

Baobab Teatro xa conta con espectáculos seleccionados en Festivais e Feiras nacionais e internacionais, ademais de premios como o recibido na Feira de Teatro de Castela e León "*Premio ao Mellor Espectáculo para público familiar*" polo noso espectáculo LUPPO.





# As para Alex

Algúns dos espectáculos de Baobab:

**"FÍOS "**(2011), seleccionado na Mostra de Galicia 2011, nomeado aos premios MAX por “Mejor autoría teatral gallega”, Festival de títeres de Redondela 2012, Domingos do principal 2012, Festival de títeres M<sup>a</sup> José Jove (A Coruña), XV Feria de Teatro de Castilla y León.

**“BABS”** (2012) FETEN 2013.

**“O SOLDADIÑO DE CHUMBO”** (2013), seleccionado en Galicia Escena-Pro 2013, espectáculo incluído no catálogo PLATEA 2014.

**“MARTES”**(2014), seleccionado en FETEN 2015, espectáculo recomendado dentro da rede vasca “Red Sarea”, espectáculo recomendado pola “Red Española de Teatros e Auditorios” e incluído no programa do INAEM PLATEA.

**“LUPPO”** (2015) *”Premio ao Mellor Espectáculo para público familiar na Feria de Teatro de Castilla e León- Ciudad Rodrigo”*, seleccionado en Galicia Escena-Pro 2015, recomendado pola “Red Española de Teatros e Auditorios”, recomendado pola rede vasca “Red Sarea”, ademais de estar incluído no programa do INAEM PLATEA e na Rede Andaluza de Teatros Públicos “ENRÉDATE-ABECEDARIA”. Luppo tamén foi candidato aos **PREMIOS MAX** polo seu guión teatral.

**“O LOBO E A LÚA”** (2016) “Premio Barriga Verde”, seleccionado por AFUNDACIÓN para realizar unha xira de 40 funcións por Galicia.

**“PUM PUM!”** (2017) Seleccionado na Mostra de Artes Escénicas de Galicia 2017, na Feria de Teatro de Castilla y León - Ciudad Rodrigo 2017, e recomendado pola Red SAREA-VASCA, Nomeado os XXII Premios de Teatro María Casares.





# As para Alex

“**PUÑO PUÑETE**” (2018) Seleccionado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para ser representado por varios concellos de Galicia debido o seu gran poder dinamizador da lingua Galega.

“**MAI MAI**” (2019) Seleccionado en Galicia Escena Pro 2019.

“**RIS RAS**” (2020).

Dende o nacemento da compañía, temos un compromiso claro, con dous grupos específicos da poboación. Por unha banda os/as nenos/as e por consecuencia os seus papás/mamás, e por outra banda o grupo da terceira idade, avós/avoas.

É por iso, que á marxe da nosa práctica habitual de produción e representación de espectáculos levamos a cabo dous proxectos diferentes, un para cada grupo de poboación.

Para o grupo de idade temperá, desenvolvemos un Festival de Artes Escénicas para bebés e familia en Pontevedra, “**Festival das Núbebes**”, que este ano cumprirá a súa 8ª edición, e no cal cremos firmemente xa que consideramos que é o xeito de crear novos públicos para o sector de Artes Escénicas.

E para o grupo de idade avanzada, desenvolvemos un aula de teatro no que a maioría de participantes son avós/avoas e que se chama, “**Aula de teatro de mulleres do CIM de Pontevedra**”, coa que comezamos e levamos dende o ano 2012.





# As para Alex







# As para Alex





# As para Alex







# As para Alex





# *As para Alex*







# *As para Alex*



Baobab Teatro



*As para Alex*



[info@culturactiva.org](mailto:info@culturactiva.org)

981 58 28 36